



## ANUNCIO

**Expediente: 2021/E001/000005**

**ASUNTO: RESOLUCIÓN ALEGACIONES/RECLAMACIONES ÁS  
PUNTUACIONES (FASE CONCURSO)**

Constituído e reunido o Tribunal cualificador encargado do desenvolvemento do proceso selectivo mencionado no día 14 de outubro de 2021, faise público o acordado polo Tribunal:

“O Tribunal **ACORDA**:

**Primeiro.**- Desestimar as alegacións de don Eduardo Andrés Sisto Bravo e de dona Natalia Prieto Cainzos e igualmente confirma a puntuación de dona Inés Ferreira Villar polos motivos expostos no corpo da presente acta:

“ ....

Alegación N.º 1

Nome: **Eduardo Andrés Sisto Bravo**

Rexistro de entrada: 20210000002364 de 30.09.21

Cuestión alegada: Puntuación experiencia profesional.

Fundamentos alegación: Non considera debidamente valorada a experiencia e aporta contratos e informe de vida laboral.

Resolución.- **Desestímase** a alegación presentada polo interesado en base ao punto 2.a) das bases da convocatoria que indican:

*“EXPERIENCIA PROFESIONAL relacionada coa vacante obxecto da convocatoria ata un máximo total de 2,5 puntos:*

*Polos servizos prestados, en calquera Administración ou local ou entidade pública dependente da mesma...”*

Os servizos prestados polo alegante corresponden a empresas privadas.

Alegación n.º 2:

Nome: **Inés Ferreira Villar**

Rexistro de entrada: 20210000002382 de 01.10.21

Cuestión plantexada: Revisión da puntuación pola experiencia profesional.

Fundamentos cuestión: Non considera debidamente valorada a experiencia e presenta informe de vida laboral e certificado de servizos prestados.

Resolución.- **Confírmase a puntuación outorgada inicialmente** á interesada, en base ao punto 2.a) das bases da convocatoria que indican:

*“EXPERIENCIA PROFESIONAL...*

*...”Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial (no caso da interesada figura o 75 % da xornada)”*.

Alegación n.º 3:

Nome: **Natalia Prieto Cainzos**

Rexistro de entrada: 20210000002400 de 04.10.21

Cuestión alegada: Puntuación experiencia profesional

Fundamentos alegación: Non considera valorada a experiencia e aporta contratos e informe de vida laboral.

Resolución.- **Desestimada** a alegación presentada pola interesada en base ao punto 2.a) das bases da convocatoria que indican:

1.-*“EXPERIENCIA PROFESIONAL relacionada coa vacante obxecto da convocatoria ata un máximo total de 2,5 puntos:*

*Polos servizos prestados, en calquera Administración ou local ou entidade pública dependente da mesma...”*

A interesada aporta na alegación datos de traballos como monitora deportiva en empresa privada.

2.-*...”Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial (no caso da interesada figura o 50 % da xornada)”*.

**Segundo.**- Publicar o disposto polo Tribunal, elevando a definitivos os resultados da fase do concurso publicados inicialmente.

O que se fai público para coñecemento dos/as interesados/as.

En Valdoviño, a 15 de outubro de 2021

A Presidenta do Tribunal

A Secretaria do Tribunal,